

## ANUNCIO

**Ampliación do prazo para a presentación de instancias do proceso selectivo para contratar a dous xefes de brigada** obxecto do Convenio de colaboración suscrito entre a Consellería de Medio Rural e o Concello da Estrada para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación de brigadas de prevención e defensa.

Instancias: Presentaranse no Rexistro Xeral do Concello ata o tercer día hábil posterior á publicación do correspondente anuncio en dous diarios de gran difusión. Con ela acompañarase a seguinte documentación compulsada:

a) Fotocopia do D.N.I.

b) Fotocopia do carné de conducir tipo B

c) Fotocopia do título requirido.

d) Xustificante de coñecemento de lingua galega (Celga 4 ou equivalente), de posuílo.

e) Xustificante do pagamento das taxas de inscrición (a cantidade a aboar serán 20,00 euros os cales serán pagados na Tesourería Municipal ou a través do seguinte número de conta bancario: BBVA: ES17 0182 6246 3202 0036 0191) ; no xustificante de ingreso terá que figurar o DNI do candidato á praza.

Segundo a ordenanza fiscal nº 6, reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos, nos procedementos de selección de persoal, non será esixible o pagamento polos conceptos “Dereitos de exame” e “Compulsas” ás persoas desempregadas que figuren como demandantes de emprego, sempre que así o acrediten por medio de certificación emitida polo Instituto Nacional de Empleo ou servizo homólogo da Comunidade Autónoma.

PROBAS A REALIZAR: Segundo Bases aprobadas ao efecto.

Bases íntegras no Departamento de Persoal do Concello e na web municipal.

Información: Telf: 986 570 030 (ext. 4421)

A Estrada, 15 de xuño de 2018  
O ALCALDE

Asdo: D. José C. López Campos